

O novo Corga achégase aos vinte millóns de formas ortográficas

IDIOMA ▶ O Corpus de Referencia do Galego Actual abrangue documentos desde 1975, codificados no estándar XML ▶ Esta versión, de cuxa dirección se encargou Guillermo Rojo, está dispoñible na rede desde o 12 de marzo

A.S.R./AGN • SANTIAGO

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, presentou hoxe en Santiago a nova versión do Corpus de Referencia do Galego Actual (Corga), que incorpora seis novos millóns de formas ortográficas ás xa existentes, co que se achega agora aos 20 millóns.

O Corga desenvolveuse no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades baixo a dirección de Guillermo Rojo. Trátase dun corpus documental integrado por distintos tipos de textos –xornais, semanarios, revistas, ensaios e textos de ficción–.

Temporalmente, abrangue documentos desde 1975 e está destinado aos investigadores da lingua galega actual nos diferentes eidos. Os textos están codificados no estándar extensible Markup Language (XML).

A nova versión está dispoñible na rede desde o 12 de marzo pasado. O rexistro no sistema é gratuito e todo aquel que desexa utilizalo só ten que solicitar unha clave de entrada coa que poder acceder ao mesmo.

Nesta nova versión, segundo explicou na presentación o profesor Guillermo Rojo, lográse xa unha mostra "suficiente e repre-



Marisol López e Guillermo Rojo, na presentación do novo Corga

POR UNANIMIDADE

Un 'toque' de atención á RAE

A Comisión de Educación do Congreso dos Deputados aprobou onte por unanimidade unha proposición non de lei na que anima á Real Academia Española da Lingua (RAE) a estudar a "pertinencia" de que o seu dicionario mantenga

as acepcións do termo *gallego* nas que este xentilicio aparece como sinónimo de "parvo" e "tartamudo". O texto aprobado onte foi unha emenda transaccional presentada a unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego (BNG) ■

sentativa" da forma lingüística actual, cun corpus que xa non se considera escaso si se teñen en conta "as condicións que pesan sobre o galego", dixo. Sinalou ademais que o sistema de codificación XML é máis "refinado e seguro" para a análise gramatical.

Novas posibilidades

Este corpus continuará incorporando novos textos e funcionalidades de consulta. De feito, Rojo manifestou que xa se está a traballar na etiquetación morfosintáctica dos documentos do Corga, o que posibilitará nun futuro dar un salto cualitativo nas posibilidades de busca, con consultas non só empregando as formas ortográficas, senón tamén por lemas ou etiquetas morfosintácticas. A coordinación da parte lingüística e a da parte informática desta nova versión do corpus correrán a cargo de Eva Domínguez e Mario Barcala, respectivamente.

Na súa intervención, a secretaria xeral de Política Lingüística destacou as posibilidades que achegará os traballos dos investigadores para poder coñecer mellor a lingua galega actual e o seu uso.

A Nasa estrea unha comedia musical sobre o encontro de Franco e Hitler en Hendaya

REDACCIÓN • SANTIAGO

A Sala Nasa de Santiago estrea hoxe, ás 22 horas, unha comedia musical sobre o encontro dos ditadores Francisco Franco e Adolf Hitler en Hendaya a cargo de Bacana Producións.

Hendaya mon amour ten como protagonistas a Francisco Frango (Paco), interpretado por César Goldi, e a Adolfo The Hit (Fito), encarnado por Xulio Abonjo, nunha historia de amor "que acaba co fascismo" a ritmo de twist, hip-hop, balada romántica, copla e pop.

Bacana Producións, que xa levou a escena as pezas *Ratman* e *Bobyn e Os fillos de Eva*, repetirá na Nasa os días 30 e 31 de marzo, tamén en horario de 22 horas, e o 1 de abril, ás 20.30 horas. Logo das catro funcións na sala Nasa de Santiago, o espectáculo, dirixido por Xulio Abonjo, iniciará unha xira por Galicia presentando esta comedia da compañía Bacana. Unha peza rebordante de música e que, segundo os seus autores e protagonistas, ten o obxectivo de contar a "meirande historia de amor endexámais contada".

A Fundación Seoane convoca un galardón para trailers ficticios

IMAXE ▶ O festival audiovisual, coordinado por Antón Lezcano, propón realizar o avance dun filme inexistente

ALBINO MALLO • A CORUÑA

A Fundación Luis Seoane presentou onte, por vez primeira, un festival aberto a todos os creadores maiores de 16 anos co fin de promover filmes de categoría artística ou alternativa. Neste caso, trátase de elaborar un trailer ficticio, isto é, realizar un tráiler dunha película ficticia pero existente, a todas luces, aos ollos do espectador, para o que se terá en conta a capacidade de síntese, o interese artístico e a credibilidade das proxeccións.

Esta actividade está coordinada por Antón Lezcano, responsable xa das dúas edicións das Seoane Sessions; de feito, o Premio Lente Negra é un dos proxectos máis ambiciosos das

Seoané Sessions, ao buscar a intervención de creadores que se sintan atraídos tanto polo cine coma polo mundo da videocreación e do videoteatro realizados nun formato doméstico.

Lentes de pasta

O nome do premio rende homenaxe a unha das características persoais máis patentes na imaxe de Luis Seoane: as súas lentes de pasta.

Luis Seoane posuía un físico corpulento que transmitía, á vez, a forte personalidade do artista galego, e formando parte inseparable da súa aparencia, destacaban as súas lentes de pasta grosa, que tivo que utilizar xa

dende moi novo. En palabras do coordinador dos premios, Antón Lezcano "pensamos que era un sinal da identidade de Luis Seoane moi característica, e ademais, servíanos para facer referencia dun xeito simbólico ás propias lentes das cámaras e ao ollo, á visión do espectador".

O xurado estará composto polo propio Antón Lezcano, pola directora da Fundación Luis Seoane, Silvia Longueira, polo escritor e xornalista Camilo Franco e por Alfonso Pato, director do programa Onda Curta de Televisión de Galicia, ademais dun actor ou actriz galegos por designar.

Haberá dous galardóns, cada un deles dotado con mil cincocentos euros: o Premio do Xurado e o Premio do Público; concedido este último polo público asistente ás Seoané Sessions deste ano, nas que se proxectarán os trailers e nas que os espectadores votarán en secreto os traballos que máis lles gusten.

Os traballos para este galardón deberán enviarse ao seguinte enderezo: I Festival de trailers ficticios Luis Seoane. Fundación Luis Seoane. Rúa San Francisco s/n. 15001 A Coruña.

Hoxe preséntase no Pub Medusa 'O home inédito' de G. Meixide

LITERATURA ▶ Teatro e humor acompañan a publicación en papel dun dos éxitos editoriais da temporada pasada

REDACCIÓN • SANTIAGO

Amor, humor e sexo, "todos metidos nun bote", é o que propón a novela *O home inédito* do xornalista, guionista, escritor e actor Carlos G. Meixide, un éxito na rede, grazas a Edicións da Rotonda, que situou esta narración postpostmoderna entre os libros máis lidos da pasada temporada. Agora *O home inédito* sae en papel, e para iso Meixide artellou unha presentación que terá lugar hoxe, ás 21.00 horas, no pub Medusa de Santiago. Ali, co autor, estarán Tomás Lijó, Marga Alborés, Carlos Santiago, Suso Sanmartín, Miguel de Lira, Xesús Ron, Sechu Sendra e os editores María Yáñez e Berto Yáñez.



O autor, Carlos G. Meixide